

UNHA EDUCACIÓN PÚBLICA MODERNA E DE CALIDADE QUE GARANTA OPORTUNIDADES PARA TODOS

No PPdeG cremos que só cunha educación máis moderna, xusta socialmente e de calidade e cun Sistema Universitario estable e preparado é posible afrontar os retos de futuro da nosa sociedade.

Por iso, na vindeira lexislatura o noso compromiso se materializará no cumprimento prioritario do seguinte decálogo:

1.- Renovaremos e actualizaremos a aprendizaxe e potenciación de linguas estranxeiras, afrontando a progresiva implantación do sistema de plurilingüismo na Educación Infantil de 3 a 6 anos e a incorporación do inglés nos ciclos de FP.

2.- Reactivaremos a integración real das TIC para acadar o Ensino Dixital en Galicia, a través da infraestrutura e conectividade axeitada e da xeración e uso de contidos dixitais:

- Mantendo a estrutura do Abalar na rede de centros educativos de Galicia;
- Camiñando no deseño e implementación de novos contidos educativos nos dispositivos tecnolóxicos empregados polo alumnado galego e
- E habilitando unha plataforma online para a aprendizaxe e ampliación e actualización permanente do repositorio de contidos dixitais.

3.- Melloraremos a Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia, pola súa función como recursos ao servizo dos procesos de ensinanza e aprendizaxe e ampliación dos coñecementos matemáticos a partir da introdución da Robótica nos distintos niveis educativos, con especial incidencia na Educación Primaria.

4.- Converteremos aos centros educativos de Galicia en verdadeiros espazos de aprendizaxe e innovación, que reúnan estándares de calidade, tanto nas súas instalacións e infraestruturas como no desenvolvemento do proceso dun modelo educativo definido (aprendizaxe de idiomas, uso integral das TIC e prestación de servizos educativos complementarios); así como fomentando a súa autonomía e organización, a través do proceso de actualización dos regulamentos orgánicos dos centros (ROC).

5.- Apostaremos pola liberdade de elección das familias e, dentro da normativa vixente, seguiremos apoiando a educación pública e a concertada. E incrementaremos a participación das familias no Consello Escolar de Galicia, a través dunha nova lei que dará tamén máis peso aos colectivos e representantes da atención á diversidade.

6.- Renovaremos e actualizaremos a formación do profesorado, tanto a inicial (en colaboración coas universidades) como a permanente, con especial atención á formación en inglés. Estableceremos un sistema de apoio, orientación e formación no desempeño das actividades de xestión e organización dos centros educativos, co obxectivo de avanzar progresivamente na profesionalización e autonomía destes postos.

7.- Definiremos e executaremos unha nova estratexia de FP para mellorar as competencias profesionais e emprendedoras desde o ensino a través de:

- novidades normativas;
- unha oferta adaptada á contorna e o achegamento e apoio á empresa; á innovación, á internacionalización e ó emprendemento;
- a potenciación da Rede dos Centros Integrados de FP (CIFP);
- a xeneralización da FP Dual, a orientación profesional e o fomento da calidade.

8.- Desde o respecto á autonomía universitaria, fomentaremos políticas orientadas a seguir incrementando a colaboración e cooperación entre as tres institucións que integran o Sistema Universitario de Galicia (SUG), fomentando experiencias concretas para o deseño e execución de proxectos conxuntos; avances na concreción da especialización de campus; consolidación dunha oferta singular de graos e másters racional e acorde ás demandas socioeconómicas da nosa comunidade; graos interuniversitarios; accións de excelencia docente universitaria; e internacionalización do SUG, tanto da oferta de titulacións como na investigación.

9.- Comprometémonos a manter a Galicia coas taxas universitarias máis baixas para que ninguén quede excluído e sen posibilidades de estudar no SUG, ao tempo que apostamos por recompensar con 500 euros o esforzo académico do alumnado universitario a través do Bono-Premio á Excelencia que, cada ano, beneficiará a 3.900 alumno/as por ser os 10 mellores expedientes ao remate 1º, 2º e 3º curso dunha titulación de grao no sistema universitario galego.

10.- Reforzaremos a investigación universitaria de Galicia desde a perspectiva dun modelo diferenciado, sustentado en actuacións dirixidas ao talento, á consolidación de grupos e ao desenvolvemento dun sistema integral; e coa definición dunha Estratexia Galega de Investigación Universitaria para reter talento e incorporar ás políticas de captación de talento para a o I+D que se promovan nos ámbitos empresariais e tecnolóxicos.

ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA

A loita contra o abandono escolar, a potenciación dos idiomas e do uso das TIC no ensino, avanzar na mellora de resultados e na excelencia, o fomento da equidade e a igualdade de oportunidades, a mellora da convivencia nas aulas e seguir a avanzar nunha escola verdadeiramente inclusiva, mantéñense como ámbitos prioritarios de actuación en materia educativa.

Tamén resulta prioritario adaptar e modernizar o ensino galego aos tempos que lle toca vivir, tendo en conta as características demográficas e socioprodutivas de Galicia. É preciso afondar no mantemento e na mellora das infraestruturas educativas, así como garantir a viabilidade e sustentabilidade dos servizos educativos complementarios.

Para reforzar a modernización e a calidade do sistema educativo galego, poremos en marcha políticas educativas que aborden de xeito integral e transversal as posibilidades de mellora que existen no ensino galego, desde a corresponsabilidade da Administración educativa e dos

axentes integrantes do ensino (docentes, equipos directivos, alumnado e familias) no proceso de modernización do noso sistema educativo.

Pensando no alumnado propoñemos:

- Realizar unha aprendizaxe de coñecementos a través de currículos adaptados as necesidades actuais dun mundo cada vez máis globalizado e tecnolóxico. Galicia respectará o marco normativo e institucional marcado polo Estado, pero sen renunciar a adaptalo á realidade e ás necesidades do ensino galego.
- Prepararse cara a resolución de situacións tanto no día a día como no futuro profesional, a través da adquisición permanente de distintas competencias:
 - Competencias lingüísticas: O modelo educativo plurilingüe está a posibilitar unha adquisición de competencias lingüísticas en galego, castelán e linguas estranxeiras que, lonxe de estancarse, debe acadar novos niveis e estenderse ao conxunto do alumnado. Afrontarase a renovación e actualización da aprendizaxe e potenciación de linguas estranxeiras nos distintos niveis educativos, con especial atención ao inglés e ao portugués. Afrontando:
 - A progresiva implantación do sistema de plurilingüismo na Educación Infantil de 3 a 6 anos
 - A incorporación do inglés aos ciclos de FP, para que sexan Ciclos Plurilingües, onde cobrará especial importancia aquelas iniciativas que permitan o desenvolvemento da competencia oral.
 - Intensificación e extensión da dotación de auxiliares de conversa nativos nos distintos centros educativos de Galicia, con especial atención aos centros do rural.
 - Ampliación dos programas de estadías para aprendizaxe de linguas estranxeiras.
 - Acceso a materiais online que permitan intensificar a aprendizaxe de linguas estranxeiras
 - Competencias dixitais: A utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) ten evolucionado ata converterse nunha ferramenta básica e fundamental no proceso de aprendizaxe. Comprometémonos á reactivación da integración real das TIC para acadar o Ensino Dixital en Galicia, a través da infraestrutura e conectividade axeitada e da xeración e uso de contidos dixitais:
 - Manteremos a estrutura do Abalar na rede de centros educativos de Galicia
 - Camiñaremos no deseño e implementación de novos contidos educativos nos dispositivos tecnolóxicos empregados polo alumnado galego.
 - Habilitaremos unha plataforma online para a aprendizaxe e ampliación e actualización permanente do repositorio de contidos dixitais
 - Competencias básicas e clave:
 - Mellora da aprendizaxe e comprensión de contidos a través do fomento e dinamización da lectura e renovación da aposta polas BIBLIOTECAS

ESCOLARES como espazo para a aprendizaxe e a adquisición de competencias lectoras fundamentais para o desenvolvemento do alumnado. Mantemos o noso compromiso de incrementar a mellora da Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia, pola súa función como recurso ao servizo dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, imprescindibles para a adquisición das competencias básicas do alumnado e contribuír á súa multialfabetización a partir do manexo e comprensión de información impresa e dixital. Queremos apostar pola renovación dunhas bibliotecas escolares inclusivas, formadoras, modernas e tecnolóxicas; que atendan ao alumnado pero tamén ao profesorado e ás familias; que aposten por redes de colaboración entre centros e por máis e mellores experiencias lectoras e de aprendizaxe por proxectos e metodoloxías activas.

- Fomento da mellora dos resultados en matemáticas do alumnado e innovación no proceso de ensinanza desta materia polos docentes, ampliando os coñecementos matemáticos a partir da introdución da Programación e a Robótica nos distintos niveis educativos, con especial incidencia na Educación Primaria. Trátase de desenvolver competencias clave como é a competencia lóxico-matemática e o pensamento computacional desde un enfoque responsable que reduza e incluso elimine a brecha dixital, loitando contra o analfabetismo tecnolóxico e funcional. Traballaremos aspectos como:
 - a Programación, xa que dota aos rapaces e rapazas de habilidades na linguaxe e no modo de organizar o pensamento e cómo abordar os problemas.
 - a Robótica, como o modo principal de interactuar cunha contorna que xa é plenamente cibernética.

As bases da programación e da robótica deben asentarse sobre o cotiá, o lúdico e a resolución de problemas, cunha ancoraxe clara en ámbitos como as matemáticas, as ciencias naturais e sociais, pero tamén a educación artística e musical e, en xeneral, vincularse dun modo transversal a todo o currículo.

O pensamento computacional é unha das máis poderosas ferramentas de traballo do mundo actual. Isto está en sintonía cos obxectivos propostos tanto pola UE como polos principais expertos en materia educativa en todo o mundo.

- A través da progresiva implantación dunha metodoloxía innovadora de aprendizaxe das matemáticas fundamentada en experiencias pensadas para o alumnado e o profesorado con dinámicas participativas nas aulas e o fraccionamento do proceso de ensino-aprendizaxe .
- Competencias sociais, cívicas e emocionais. Nos tempos actuais faise preciso compaxinar o enfoque transversal e complementario de novas competencias precisas para formar cidadáns capaces de afrontar un mundo en constante transformación.

- Educación social e cívica. Como complemento das accións prioritarias para o fomento de competencias clave, tamén incidiremos no desenvolvemento de iniciativas e/ou proxectos interdisciplinarios que poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, que contribúan a que o alumnado galego adquira distintas competencias e educación en valores en áreas como: seguridade viaria, sanidade, igualdade de xénero, oratoria, tecnoloxías, consumo, deportes e hábitos de vida saudables, patrimonio cultural, etc.
- Educación Emocional: Cada vez máis o ensino e a aprendizaxe ao longo da vida camiñan cara a adquisición de competencias clave e profesionais sustentadas en tres eixos: saber, saber facer e saber ser. A sociedade no seu conxunto está a dar pasos cara a educación e a formación de persoas capaces de levar adiante un proxecto vital (persoal e profesional) gratificante, exitoso e socialmente satisfactorio. Nisto ten especial relevancia a xestión persoal e social das emocións e das relacións interpersonais, o desenvolvemento dun autoconcepto adecuado dos rapaces e rapazas, unha atribución de logro que fomente o crecemento persoal e a convivencia pacífica. Este traballo debe ancorarse nunha educación baseada en evidencias científicas sólidas e de calidade.

O ensino galego ten que dar pasos para que alumnado, familias e docentes conten con habilidades e destrezas emocionais:

- Introducendo a educación emocional nas aulas galegas a través de metodoloxía, proxectos innovadores, etc.
- Desenvolvendo materiais e accións formativas relacionadas coa intelixencia emocional.
- Afondando no traballo sobre a creatividade e no ensino por proxectos
- Recoñecer o esforzo, a capacidade e o traballo do noso alumnado e os proxectos innovadores postos en marcha polos docentes nos centros educativos. Para elo impulsaremos unha redefinición da estratexia de recoñecemento ao alumnado, aos docentes e os centros educativos, co obxectivo de fomentar a cultura do esforzo (alumnado) e da innovación (docentes/centros).

Pensando nos centros propoñemos:

- Ampliar a súa autonomía e converterse en verdadeiros espazos de aprendizaxe e innovación, para o que Galicia debe contar con instalacións educativas que reúnan estándares de calidade que aseguren:
 - O benestar do alumnado en canto a seguridade, habitabilidade, accesibilidade e utilidade, para o que se manterán políticas de planificación e execución de obras de acordo coas necesidades técnicas e cunha axeitada e realista priorización dos recursos dispoñibles, no marco de desenvolvemento do Plan de Infraestruturas 2016-2020.

- O desenvolvemento do proceso de aprendizaxe de idiomas, uso integral das TIC e prestación de servizos educativos complementarios para o que avanzaremos na dotación de equipamento e recursos humanos axeitados para cubrir as necesidades, con especial atención aos programas de reforzo, orientación e atención á diversidade.
- O axeitado funcionamento e organización interna dos centros, reforzando a autonomía dos centros educativos e iniciando o proceso de actualización dos regulamentos orgánico dos centros (ROC).

Pensando nos docentes propoñemos:

A educación é un campo en constante evolución, isto esixe que os docentes e os equipos directivos estean ao día e actualizados para responder ás necesidades, demandas e retos que teñen ante si os alumnos e alumnas da Galicia do século XXI.

A función dos profesionais da docencia é fundamental e a Administración educativa debe axudar e facilitar o seu desempeño.

- Apoio aos docentes: Renovaremos e actualizaremos a formación do profesorado, tanto a inicial como a permanente:
 - Impulsando a colaboración entre Universidades e Administración educativa galega no deseño e mellora da formación inicial dos futuros docentes, introducindo melloras na organización e deseño dos graos de maxisterio.
 - Ampliando a oferta de formación permanente para os docentes, tanto funcionarios como interinos.
 - Apostando pola adquisición de novas competencias en linguas estranxeiras (INGLÉS E PORTUGUÉS) para que nun prazo de dez anos arredor de 1/3 do profesorado teña o C1.
 - Apoio da formación do profesorado orientada a mellorar a cualificación en linguas estranxeiras tanto dos docentes especialistas como dos que imparten materias non lingüísticas.
 - Impulso de elaboración e uso de materiais online en linguas estranxeiras.
- Apoio aos membros do equipo directivo: Establecerase un sistema de apoio, orientación e formación no desempeño das actividades de xestión e organización dos centros educativos, co obxectivo de avanzar progresivamente na responsabilidade, profesionalización e autonomía destes postos. A Administración educativa debe fomentar a modernización da gobernanza educativa para desenvolver un novo liderado educativo porque os centros escolares teñen que ser máis flexibles e capaces de adaptarse a contextos sociais complexos. Os directores e os equipos directivos teñen que sentirse apoiados na dobre función de xestión e de proxecto educativo.

Pensando nas familias propoñemos:

As familias son corresponsables no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, polo que hai que fomentar unha relación e participación máis fluída cos centros e coa administración para que tamén poidan contribuír a mellorar o ensino galego.

- Apostaremos pola liberdade de elección das familias e, dentro da normativa vixente, seguiremos apoiando a educación pública e a concertada.
- Aprobaremos unha nova Lei do Consello Escolar de Galicia, onde se incrementará a participación de pais e nais, así como de colectivos e de representantes que traballen na atención á diversidade.
- Potenciaremos a formación de pais e nais dentro do sistema educativo mediante a creación dunha “escola de pais e nais”.
- Deseñaremos e difundiremos unha Guía informativa para ás Familias, en formato dixital, para que dispoñan de información e asesoramento en todos aqueles aspectos que teñen que ver coa educación dos seus fillos/as (Exemplo de contidos, normativa, proceso de escolarización, estratexia de convivencia, atención á diversidade, atención a enfermidades crónicas, etc.)

Afondar na equidade e na xustiza social no acceso á educación

O acceso en igualdade de oportunidades pasa por tratar con equidade ao conxunto do alumnado e ás súas familias: favorecendo a quen máis o precisa. Para elo na próxima lexislatura comprometémonos:

- Impulsar aínda máis a equidade no ensino galego, posibilitando unha axeitada atención á diversidade do alumnado (Necesidades Educativas Especiais, escolarización de inmigrantes, etc.)
- Mellorar a calidade do transporte escolar, con constante adaptación da prestación do servizo ás necesidades e á realidade demográfica do conxunto do territorio galego, especialmente no rural.
- Comedores escolares, velando pola viabilidade deste servizo complementario e aplicando un modelo no que pagan as familias que poden para que non paguen as que non poden. O servizo de comedor escolar xestionado pola Xunta de Galicia, baseado na renda familiar e regulado polo Decreto de Comedores de 2013, é un dos sistemas máis xustos socialmente e asequibles para as familias de todo o Estado español.
- Libros de texto e material escolar, mantemos un modelo no que se axuda máis ás familias que máis o precisan, a través do Fondo Solidario e das axudas a libros e material escolar.

Diminuír o fracaso escolar e propiciar a aprendizaxe permanente e adaptada ás demandas da sociedade

A Estratexia 2020 fixa como obxectivo para España acadar nese ano unha taxa de abandono escolar do 15 por cento.

- A Administración educativa galega asumirá o reto de aproximarse á porcentaxe do 10 por cento, obxectivo que mellorará o dato de España e que permitirá a Galicia situarse en niveis semellantes aos doutros Estados da UE.
- Contribuiremos ao éxito educativo a partir dun novo enfoque que implique dar pasos para introducir ao ensino galego no liderado escolar. Un dos obxectivos educativos da UE e España para o 2020 podería entenderse como o éxito educativo de “todo” o alumnado. Investigacións no ámbito da OCDE apuntan a que algunhas das variables relevantes que inciden na consecución deste obxectivo de “éxito educativo para todos” son o liderado escolar e a autonomía dos centros como instrumentos facilitadores e potenciadores do proceso de ensino-aprendizaxe. A aplicación práctica do liderado e a autonomía no ensino require desenvolver competencias e habilidades directivas, así como dispoñer de instrumentos de xestión capaces de facilitar a participación, o compromiso e a implicación da comunidade educativa, moi especialmente dos profesionais da educación.
- Manteremos o compromiso polo reforzo e innovación educativa e fomento da atención á diversidade e da convivencia nas aulas para mellorar o rendemento académico e profesional do alumnado. Para elo avanzaremos na:
 - Potenciación dos contratos-programa: Constitúen unha “ferramenta innovadora” para afondar na mellora do rendemento do alumnado e, dada a súa influencia positiva no ensino galego, faise preciso seguir con este tipo de accións centradas no reforzo, orientación e apoio; na mellora das competencias clave; na mellora da convivencia nos centros e da prevención do abandono temperán e do absentismo escolar; na mellora do nivel de coñecemento para acadar a excelencia; e na mellora da calidade na xestión dos centros.
 - Atención á diversidade e escola inclusiva: Mantemos o compromiso co desenvolvemento e posta en marcha de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. E apostamos por unha formación integral do alumnado, coa finalidade de capacitalo para unha aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade ao longo de toda a súa vida, xunto coa implicación e o asesoramento dos pais e do resto dos axentes da comunidade educativa. Trataremos de chegar a acordos e colaboracións coas entidades sociais.
 - Convivencia : Reactivamos o compromiso coas accións e medidas encamiñadas a dotar aos centros educativos e á comunidade educativa dunha serie de recursos que lles permitan afondar na mellora da convivencia escolar, desde unha óptica integral e inclusiva. Camiñar para acadar o obxectivo do máximo nivel de convivencia.

Avanzar na consecución de consensos que permitan un clima de entendemento e un pacto a prol dun ensino de calidade e con capacidade de adaptación aos tempos

Propoñemos atender a demanda da cidadanía de deseñar e acadar un Pacto Educativo en Galicia con políticas centradas no éxito e na consecución da excelencia do ensino, para o que a educación debe quedar á marxe da política de confrontación e avanzar no consenso en torno á necesidade de impulsar:

- O plurilingüismo/aprendizaxe de linguas estranxeiras
- O ensino dixital
- A autonomía e estándares de calidade dos centros educativo.
- A equidade e a convivencia

FORMACIÓN PROFESIONAL

Nos últimos tempos a formación profesional ten evolucionado moi positivamente en Galicia a través de distintas modalidades (FP Básica, FP Dual, Grao Medio e Grao Superior, a distancia...). A FP considérase un elemento fundamental para propiciar unha mellora da empregabilidade e da cultura do emprendemento entre a mocidade.

Apostamos por unha Formación Profesional que sexa útil para as persoas e para a sociedade galega. Que sirva para que as persoas podan desenvolver coñecemento, creatividade e talento, porque isto repercutirán o avance da sociedade galega. Serán estes profesionais de prestixio os que conformen a nosa sociedade futura e os que podan modernizar e tecnificar solucións aos novos retos que marque o futuro.

O noso principal obxectivo para a vindeira lexislatura é adaptar a cualificación das persoas que cursan formación profesional no ensino galego e mellorar a súa empregabilidade.

Queremos impulsar que o noso alumnado aposte pola FP, pero tamén consideramos imprescindible implicar ás empresas, tanto a gran empresa como a pequena e mediana empresa, e camiñar da súa man. A FP debe manter lazos moi estreitos coa empresa, apoiando, colaborando e favorecendo o emprendemento e o desenvolvemento de proxectos que posibiliten o avance das empresas cara novos sectores estratéxicos, melloren os seus sistemas de produción e incorporen técnicas innovadoras.

Faise preciso afrontar a elaboración dunha nova estratexia de FP para adaptar esta formación e os ciclos ás demandas de cualificación profesional dos sectores produtivos.

Farémolo a través do traballo en dez liñas estratéxicas a desenvolver desde a perspectiva dunha FP como ferramenta clave para o avance no novo modelo económico e a mellora da produtividade das empresas galegas, que requiren contar con capital humano especializado e polivalente; e desde a perspectiva da modernización, tecnificación e prestixio da FP para mellorar as competencias profesionais e emprendedoras das persoas con capacidade de adaptación aos continuos cambios tecnolóxicos e do mercado laboral:

- Un novo escenario normativo: As rápidas e continuas transformacións socio-económicas e tecnolóxicas requiren da definición dun novo marco normativo para o desenvolvemento da nova estratexia de FP de Galicia para a próxima década
- Unha oferta adaptada á contorna: Resulta necesario unha constante e flexible adaptación da oferta e dos contidos da FP á contorna socio-productiva. Apostamos por regular e facilitar a mobilidade entre a formación profesional e o resto das ensinanzas do sistema educativo. Hai que reforzar o recoñecemento das competencias adquiridas pola experiencia laboral axilizando a xestión administrativa do procedemento.
- O achegamento e apoio á empresa: Detectar as necesidades de formación dos futuros traballadores en relación coas necesidades e a competitividade das empresas. Mellorar os convenios na Formación en Centros de Traballo (FCT) e mellorar os sistemas de formación da poboación desempregada.
- A innovación: Os centros de FP poden ser verdadeiros impulsores da innovación no sector empresarial galego. Galicia potenciará unha auténtica rede de innovación a través da implantación territorial dos Centros Integrados de FP. Trátase de por en valor a relación centro, innovación, empresas para xerar contornos competitivos de alto valor estratéxico.
- A internacionalización: Potenciar a aprendizaxe de idiomas na FP, orientado cara á adquisición das competencias para desenvolverse no mundo actual e aumentar as posibilidades de inserción laboral. Aposta por un impulso da mobilidades de alumnado, profesorado e titulados, xa que os axudará a ser máis competitivos no mundo. A FP debe acompañar ás empresas galegas no seu proceso de internacionalización co reto de afrontar a globalización da economía.
- O Emprendemento: Fomento e difusión do plan de emprendemento no sistema educativo galego, co obxectivo de lograr un avance sensible na cultura do emprendemento no noso alumnado e propor instrumentos que permitan coñecer os logros alcanzados na capacidade de emprender. A Rede de Viveiros de Empresa seguirá a ser un elemento fundamental.
- A potenciación da Rede dos Centros Integrados de FP (CIFP): Fortalecemento da oferta formativa e da súa cooperación e conexión co contorno produtivo sectorial e local, sen esquecer a promoción de proxectos de mobilidade, perfeccionamento profesional e cooperación nun contexto europeo e internacional. Ampliar a repercusión destes centros á hora de facilitar o acceso da mocidade ao primeiro emprego, ao tempo que se avanza no desenvolvemento dunha cultura da formación permanente, contribuíndo a prestixiar a formación profesional
- A xeneralización da FP Dual: Hai que difundir e estender entre o alumnado galego as vantaxes que ofrece esta modalidade de formación en centro educativo e empresa e que combina a obtención dun título e a remuneración económica. Tratarase de implicar máis ao alumnado e ao sector empresarial para que aproveiten esta formación.
- A orientación profesional: Imos afianzar e poñer en marcha novos mecanismos de difusión, información e orientación sobre a formación profesional. Novo impulso aos servizos de información e de orientación profesional para incentivar e fomentar a tomar de decisións sobre educación, formación e traxectorias profesionais do alumnado galego.

- A calidade: O compromiso coa cultura da calidade e a súa acreditación na formación impulsa o desenvolvemento dun modelo de traballo por procesos para satisfacer as necesidades e demandas de alumnos e equipos docentes en relación coa mellora continua. Tratamos de modernizar e facer máis eficaces os sistemas de educación e formación profesional e mellorar a articulación entre o ensino, a formación e o emprego.
-

SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

As universidades manterán o apoio financeiro da Administración educativa galega para que poidan cumprir a súa tripla misión de ensinar, investigar e transferir e intercambiar coñecemento co resto da sociedade.

As políticas irán orientadas a seguir incrementando a colaboración e cooperación entre as tres institucións que integran o Sistema Universitario de Galicia (SUG) en beneficio dunha mellor formación dos nosos mozos e mozas. Tamén se traballará para mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria, ao tempo que hai unha especialización dos campus universitarios.

- Mellora da oferta de titulacións e apoio á excelencia no SUG: O traballo de coordinación e ordenación do SUG centrarase en:
 - Fomentar avances e novos niveis de colaboración e cooperación entre as tres universidades galegas coa suma de experiencias concretas para o deseño e execución de proxectos conxuntos. Como exemplo, impulsaranse mecanismos de colaboración interuniversitaria que faciliten a accesibilidade a todo tipo de recursos e, en especial, a laboratorios e equipos por parte do persoal investigador das tres universidades galegas.
 - Avanzar na concreción da especialización de campus en áreas/sectores como: Agroalimentación/ Naval e transferencia/ Auga e termalismo/ Ciencias Sociais e Creatividade
 - Consolidar no SUG unha oferta singular de graos e másters racional e acorde ás demandas socioeconómicas da nosa comunidade. Promover a impartición de docencia en inglés, sobre todo no caso da formación inicial de profesorado (Maxisterio)
 - Accións de excelencia docente universitaria: impulsar e apoiar o progresivo emprego do inglés nos graos universitarios; promover a oferta de titulacións interuniversitarias; apoio a estratexias de fomento do emprendemento e da empregabilidade; deseño e impartición de másters de excelencia.
 - Propiciar un salto na internacionalización do SUG tanto da oferta de titulacións como na investigación.

- Apoio ao alumnado que curse estudos universitarios en Galicia para que ninguén quede excluído do SUG: Asumimos o compromiso de facilitar o acceso dos galegos e das galegas aos estudos universitarios de xeito que ninguén quede excluído do SUG nin da posibilidade de estudar, como clara aposta pola equidade do noso sistema educativo. Dito compromiso materialízase en:
 - Manter as taxas académicas máis baixas do Estado
 - Reforzar a política de bolsas complementarias
- Recompensaremos o esforzo académico do estudantado universitario a través dun BONO-PREMIO Á EXCELENCIA, de xeito que os 10 mellores expedientes do alumnado que remate 1º, 2º e 3º curso dunha titulación de grao no sistema universitario de Galicia recibirán unha compensación de 500 euros. Estimamos que 3.900 alumno/as beneficiaranse cada ano do Bono-Premio á excelencia. Un alumno/a poderá optar durante tres anos a esta axuda, ao rematar cada curso académico e acceder ao seguinte.
- Apostaremos pola retención e especialización do talento na investigación universitaria e pola transferencia de coñecementos á sociedade, reforzando a investigación universitaria de Galicia, desde a perspectiva dun modelo diferenciado que se ten que abrir camiño no actual contexto socioeconómico e entre os diferentes enfoques cos que se aborda o I+D+I en España e no mundo:
 - O modelo estará sustentado en actuacións dirixidas ao talento, á consolidación de grupos e ao desenvolvemento dun sistema integral de apoio á investigación
 - Definiremos unha Estratexia Galega de Investigación Universitaria para reter talento, incorporando as políticas de captación de talento para a I+D que se promovan nos ámbitos empresariais e tecnolóxicos. A devandita estratexia procurará:
 - modernizar os mecanismos de incorporación de investigadores de referencia aos centros dependentes das universidades;
 - mellorar as condicións necesarias para crear un entorno capaz de reter aos investigadores universitarios cualificados
 - optimizar a estruturación do sistema para dotar aos centros de investigación, tanto aos xa existentes como aos que se creen, dun elevado grado de autonomía e responsabilidade.
 - implicar activamente ás universidades e á comunidade científica galega nos procesos a prol do sistema de investigación universitaria.